Acordo do Consello de Goberno do 23 de novembro de 2023, polo que se modifica o Anexo II do Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC

O Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de maio de 2019, recolle no seu anexo I a relación de Cargos Académicos e no seu anexo II a relación de Responsables Académicos.

Polo que se refire á figura de coordinador/a de área, faise necesario precisar que para aplicar a redución docente a área debe contar cun mínimo de cinco profesores. Por outra parte, é necesario introducir un cambio en relación co Comité de Bioética que, en virtude da regulación recentemente aprobada polo Consello de Goberno, pasou a denominarse Comité de Ética.

Procede, en consecuencia, realizar unha modificación do Anexo II do Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC.

É por isto que o Consello de Goberno, na súa sesión do día 23 de novembro de 2023, acorda:

Único.

Modificar o Anexos II do Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribucións de cargos e responsables académicos na USC, conforme a táboa que se engade como anexo.

Disposición derradeira.

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Santiago de Compostela.

Anexo

RESPONSABLE ACADÉMICOCoordinador/a de área decoñecemento (5-15 profesores)Presidente/a do Comité de Ética	REDUCIÓN DOCENTE		CÓDIGOCOMPLEMENTOC4	OBSERVACIÓNS

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

	CÓDIGOR7R3	HORAS/CURSO2090		

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.